

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de agosto de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día oito de agosto de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(860).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A “GABINETE DE PRENSA INFORPRESS, S.L.” EXPTE. 5241/104.

Visto o informe de fiscalización do 22.07.14 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 23.07.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a GABINETE DE PRENSA INFORPRESS, S.L. a fianza de 2.853,77 euros constituída para responder da execución do programa Blogger Trips y Breakfast 2.0, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

2(861).- DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 351/330.

Mediante escrito de data 1.08.14, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, en cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de xuño de 2014, que son os seguintes:

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
315/330	11/06/14	CONTRATAÇÃO DOS SERVICIOS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN XERAL DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14"	33402279900	35806	14.000,00 €	Van Divulgación Cultural, S.L.
316/330	16/06/14	GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14"	33402260904	36520	6.900,00 €	XENÉRICO
317/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DOS SERVICIOS DE PRODUÇÃO INTEGRAL DA EXPOSICIÓN "VIGO TEN SWING" DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'14"	33302260901	36664	21.000,00 €	Producción e Xestión Cultural, S.L.
319/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DE TRES CONCERTOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14" (MARCO MEZQUIDA TRÍO-26 XUÑO/GILAD HEKSELMAN TRIO-27 XUÑO/ALBERTO CONDE-SHAKIR KHAN-28 XUÑO).	33402260904	36517	19.844,00 €	Nordesía Producciones , S.L.
321/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DE TRES CONCERTOS NO SALÓN DE ACTOS DO MARCO, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14" (PIERRE BASTIEN-30 XUÑO/XAVI LOZANO-1 XULLO/PABLO REGA-BUITRAGE-2 XULLO)	33402260904	36518	8.833,00 €	Kachet Loxística, S.L.
322/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DE DOUS CONCERTOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14" (HUGO CARVALHAIS	33402260904	36519	13.673,00 €	Sinsalaudio, S.L.

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
		NEBULOSA TRIO-3 XULLO/LUCÍA MARTÍNEZ BERLINER PROJEKT-5 XULLO)				
323/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DUN CONCERTO DE MICHAEL WOLLNY, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14" (4 XULLO).	33402260904	36663	6.897,00 €	Producción e Xestión Cultural, S.L.
324/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DUN CONCERTO DE RIVERSIDE QUARTET, NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14" (4 XULLO)	33402260904	36521	15.125,00 €	Producción e Xestión Cultural, S.L.
325/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DE DOUS CONCERTOS NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14" (SUMRRÁ+CONVIDADOS-3 XULLO/ALFREDO RODRÍGUEZ-4 XULLO)	33402260904	36523	21.175,00 €	Solimusic Events, S.L.U.
328/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DA EDICIÓN DE MATERIAL GRÁFICO PARA DIFUSIÓN DA EXPOSICIÓN "VIGOTEN SWING"	33302260901	36524	1.163,17 €	Ecovigo Publicidad, S.L.
329/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DE ACTIVIDADES PARALELAS DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14" (JAZZ FÓRA DE LUGAR, ACADEMIA DE SONS, JAZZ NA NOITE).	33402260904	36665	12.100,00 €	Solimusic Events, S.L.U.
330/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN E BACKLINE PARA O FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14"	33402279900	36525	21.489,60 €	Luz Puntual, S.L.
331/330	16/06/14	CONTRATAÇÃO DE SERVIZOS PARA	33402279900	36522	21.538,00 €	Sacaferro, S.L.

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
		TRABALLOS TÉCNICOS RELATIVOS Á PROGRAMACIÓN DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'14"				

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(862).- PROPOSTA DE ARQUIVO DO EXPEDIENTE DO “CONVENIO COA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO POLA ORGANIZACIÓN DO MINITORNEO ELITE UEFA SUB 19”. EXPTE. 13055/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 30 de maio de 2014, acordou entre outros asuntos:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Fundación Celta de Vigo para a subvención do proxecto de organización do Minitorneo UEFA Sub-19 que se vai celebrar entre os vindeiros 31 de maio e 5 de xuño de 2014.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 60.000,00€ a favor da entidade Fundación Celta de Vigo co CIF: G-36810042 e enderezo social na rúa Conde de Gondomar, 1, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e das certificacións que figuran na documentación do expediente núm. 13.055/333. Este crédito é con cargo ás seguintes partidas do vixente orzamento:

- 50.000,00€ con cargo á partida 3410.489.00.01.*
- 10.000,00€ con cargo á bolsa de vinculación do capítulo IV do orzamento en vigor, minorando a partida 3410.489.00.00.*

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

2.- Desenvolvemento do Convenio:

Dito convenio tiña por obxecto colaborar coa Fundación Celta de Vigo na organización do Minitorneo UEFA Sub-19 de fútbol que se celebrou entre o 31 de maio e o 5 de xuño de 2014, no que participaron as seleccións nacionais de España, Dinamarca, Alemania e Lituania.

En relación os compromisos do Concello de Vigo, o convenio regula a concesión directa dunha subvención a Fundación Celta de Vigo como entidade organizadora do evento, por un importe de 60,000,00 €, co obxecto de colaborar á financiación das actividades vinculadas coa organización do Minitorneo UEFA Sub-19 de fútbol.

En relación o desenvolvemento real do torneo, e importante destacar que o mesmo se desenvolveu de acordo coa previsión da organización, sendo o mesmo calificado moi satisfactoriamente polos participantes, tanto en relación o calidade dos aspectos organizativos como dos resultados deportivos.

Unha vez finalizado o mesmo procede según o convenio a tramitación da xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. De acordo co estipulado na clausula setima do convenio, a beneficiaraia da subvención dispón dun prazo máximo de tres meses dende a finalización do Torneo, para a xustificación do mesmo.

En relación a dito proceso de xustificación, e tendo en conta as reunións realizadas entre a Concellería de Deportes e os responsables da Fundación Celta de Vigo, unha vez finalizado o torneo, debemos destacar que a organización do evento foi satisfactoria, acadando todos os obxectivos inicialmente propostos. Ademais de acadar todos os obxectivos deportivos, debemos de facer mención a que a capacidade de xestión e implicación directa de todo o persoal da Fundación Celta de Vigo, acadou un resultado de xestión do Torneo moi favorable o cal tivo unha incidencia moi importante na xestión económica do Torneo, acadando un nivel de autofinanciación do mesmo, non previsto inicialmente.

En relación a estes aspectos e tendo en conta que o expediente tramitado para a colaboración deste convenio tena consideración dunha subvención, a clausula "cuarta" recolle que se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

En relación o proceso obrigado de xustificación da subvención, e tendo en conta os datos que se desprenden das informacións transmitidas pola Fundación Celta de Vigo, trala finalización do Minitorneo UEFA Sub-19, veñen a confirmar que o resultado final da execución económica do torneo atopase nunha situación mais axustada que o descrito no orzamento que sustenta a proposta do convenio de colaboración aprobado para esta subvención, polo cal, a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, considerase que a conta xustificativa que deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos previstos, non cumprirá os requisitos inicialmente previstos xa que a capacidade de xestión do organizador en relación os axustes dos custes de organización, así como os recursos de outros ingresos ou subvencións recibidas para dito evento modifican as circunstancias que fundamentana concesión desta subvención.

3.- Proposta:

De acordo cos antecedentes descritos, e tendo en conta o descrito no artigo 17.3 da Ley 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións e Galicia, "o importe das subvención en ningún caso podrá ser de tal coantía que, aisladamente ou en caso de concurrencia con outras subvención, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada", correspondelle o Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitir para a tramitación do pago da subvención, un informe no que constate a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina, polo que tendo en conta que a conta xustificativa que deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos previstos, non cumprirá os requisitos inicialmente previstos procede a proposta de arquivo do expediente de subvención.

Previamente a someter a presente proposta á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo procede o informe de fiscalización favorable.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local da sesión do 30 de maio de 2014 sobre o expediente 13055/333, polo cal se aprobou:

- O texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Fundación Celta de Vigo para a subvención do proxecto de organización do Minitorneo UEFA Sub-19 que se vai celebrar entre os vindeiros 31 de maio e 5 de xuño de 2014,
- O gasto de 60.000,00 € a favor da entidade Fundación Celta de Vigo co CIF: G-36810042 e enderezo social na rúa Conde de Gondomar, 1, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e das certificacións que figuran na documentación do expediente núm. 13.055/333. Este crédito é con cargo ás seguintes partidas do vixente orzamento:
 - 50.000,00€ con cargo á partida 3410.489.00.01.
 - 10.000,00€ con cargo á bolsa de vinculación do capítulo IV do orzamento en vigor, minorando a partida 3410.489.00.00.

SEGUNDO: Archivo do expediente 13055/333, PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO EN BASE Á ORGANIZACIÓN DO MINITORNEO ÉLITE UEFA SUB-19 QUE SE VAI CELEBRAR ENTRE OS VINDEIROS 31 DE MAIO E 5 DE XUÑO DE 2014.

TERCEIRO: Comunicarlle a Fundación Celta de Vigo, como beneficiario do convenio de colaboración, o presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(863).- PROPOSTA PAGAMENTO DIETAS POR ASISTENCIA A CONSELLOS ESCOLARES. EXPTE. 16257/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.08.14, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 24.07.14, conformado polo concelleiro-delegado e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la cantidade de 5.914,98.-€ (CINCO MIL NOVECENTOS CATORCE CON NOVENTA E OITO EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO M^a VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2
(20/01/2014 – 30/06/2014)36 X 39,78.-€ 1.432,08.-€

Zona 2.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C1 (21/01/2014 – 30/06/2014)	14 X 36,72.-€	514,08.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1 (27/01/2014 – 17/07/2014)	26 X 36,72.-€	954,72.-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1 (21/01/2014 – 30/06/2014)	21 X 39,78.-€	835,38.-€
Zona 5.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C, GRUPO A2 (21/01/2014 – 30/06/2014)	16 X 39,78.-€	636,48 .-€
Zona 6.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K, GRUPO C1 (28/01/2014 – 30/06/2014)	21 X 36,72.-€	771,12 .-€
Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1 (21/01/2014 – 30/06/2014)	21 X 36,72.-€	771,12 .-€

5(864).- CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN E TRANSPORTE DOS DESPRAZAMENTOS ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO “VIGO POR DENTRO-COÑECE A TÚA CIDADE”. EXPTE. 16213/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 23.07.14, o informe de fiscalización do 31.07.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Educación, do 1.08.14, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión e transporte dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa cidade” por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 11/07/2014 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 31/07/2014 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión e transporte dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa cidade” por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 150.150,00 euros ive incluído (23.625,00 € na anualidade de 2014, 75.075,00 na anualidade de 2015 e 51.450,00 euros na anualidade de 2016) para a contratación dos servizos para a xestión, e transporte dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal “Vigo por Dentro – Coñece a túa cidade” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.11 do Programa Educativo “Vigo por Dentro”.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

6(865).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 10365/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 5.08.14, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

As ditas normas, tamén, establecen a obrigatoriedade de facer os plans de acción nos ámbitos do mapa de ruído, co obxecto de afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica, determinar accións prioritarias para acadar os obxectivos de calidade acústica e protexer as zonas contra o aumento da contaminación acústica.

2.- A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007, e os plans de accións antes do 18/07/2008.

Tamén, os artigos 16 e 24 da dita lei establecen a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os mapas de ruído e os plans de acción, a lo menos, cada cinco anos dende a data da súa aprobación.

3.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10 de marzo de 2008 aprobou o noa de ruídos de Vigo, redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/08/2013, aprobou definitivamente a revisión, actualización, do mapa estratéxico de ruído da cidade de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 10 de marzo de 2008.

4.- A Xunta de Goberno Local en data do 23 de novembro de 2009, acordou tomar coñecemento do Plan de Acción do Ruído no concello de Vigo e sometelo a información pública, data na que se debe entender aprobado ao non presentar alegacións no trámite de información pública.

5.- O Concello de Vigo, no ano 2013, encargou os traballos de revisión do plan de acción do ruído no Concello de Vigo á Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicos de Telecomunicacións, S.L., en cumprimento do establecido no artigo 24 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

As devanditas entidades presentaron o traballo en decembro de 2013 que, tras o correspondente análise e correccións correspondentes, procede someter ao procedemento de aprobación.

6.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente en data do 21 de xullo de 2014, ditou orde de inicio do procedemento administrativo para a aprobación do Plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, que revisa e modifica o aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de novembro de 2009,

redactado pola Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S.L. con data de decembro de 2013, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído

II- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- Demais normativa de concordante aplicación.

III.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

1.- A documentación entregada definitivamente da revisión do plan de acción contra o ruído no concello de Vigo consiste nun documento no que se tratan seis apartados, co diversos subapartados:

- 1- Obxectivo do Documento.
- 2.- Descrición do Concello.
 - 2.1. Aglomeracións.
 - 2.2. Principais Eixos Viarios.
 - 2.3. Principais Eixos Ferroviarios.
 - 2.4.- Principais Aeroportos.
 - 2.5.- Outras fontes de ruído.
 - 2.5.1. Actividade industrial.
 - 2.5.2. Zonas de Ocio.
- 3.- Autoridade responsable.
- 4.- Contexto xurídico e valores límite.
 - 4.1. Lexislación Europea.
 - 4.2. Lexislación Nacional.
 - 4.3. Lexislación Autonómica.
 - 4.4. Lexislación Local
- 5.- Resultados da labor do cartografado do ruído.
 - 5.1.- Datos de superficie exposta.
 - 5.2.- Datos de poboación exposta.
 - 5.3.- Determinacións de problemas e situacións a mellorar.
- 6.- Medidas correctoras.
 - 6.1. Medidas xa aplicadas para reducir o ruído.
 - 6.2. Actuacións previstas a curto prazo.
 - 6.3. Actuacións previstas a longo prazo.
 - 6.4. Redución estimada de probación afectada.

Ditos contidos reflíctense, tamén, a través de 14 táboas, 40 figuras e 17 gráficas.

A documentación foi entregada en soporte papel (dous exemplares) e en soporte dixital (dous exemplares en CD). No contido dos Cds consta, tamén, a versión da memoria en lingua galega e en lingua castelá. Ademais, achegouse documentación dos traballos e fases previas ao documento definitivo.

2.- Contidos da revisión:

Os aspectos esenciais da revisión do plan de acción contra o ruído, refírense ao estudo das modificacións producidas na cidade dende a data da súa aprobación no ano 2009 (datos do ano 2007) ata a data da actual revisión (datos do ano 2012 recollidos na revisión do mapa de ruídos), nos aspectos que a continuación se citan de forma sucinta:

– Datos demográficos: Manexáronse datos de poboación existente a decembro de 2012 segundo o padrón municipal de habitantes, cun aumento significativo da poboación en parroquias máis afectadas polo ruído (ex. Vigo centro) en detrimento doutras zonas.

– Análise da superficie e poboación exposta

– Infraestruturas do transporte: análise dos principais eixos viarios da cidade: AP 9, A-55, VG-20, AG-57, avda. Madrid, avda. de Gran Vía, avda. Arquitecto Palacios, avda. Castrelos, avda. Castelao, avda. Beiramar, outras vías.....

– Incidencia dos principais eixos ferroviarios, aeroportuarios, focos industriais (Porto de Vigo, Zona Franca, Parque Tecnolóxico...), centros hospitalarios e docentes.

3.- Metodoloxía:

A metodoloxía utilizada de avaliación baséase no determinado na Directiva 2002/49/C, a Lei 37/2003, e o RD 1513/2005 e mantéñense os métodos de cálculo utilizados no documento vixente.

Os parámetros de avaliación do ruído ambiental son os determinados nas citadas normas:

Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, comprendido entre as 7 e as 19 horas.

Le; nivel de avaliación de ruído no período comprendido entre as 19 e as 23 horas.

Ln; nivel de avaliación do ruído no período comprendido entre as 23 e as 7 horas.

Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.

Os obxectos de calidade acústica establecidos na lei e recollidos no mapa e plan de acción son:

Táboa 4 - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas

ZONAS DE SENSIBILIDADE ACÚSTICA					
TIPO	DESCRIPCIÓN	SECTORES	Ld	Le	Ln
A	Alta sensibilidade acústica	Áreas sanitarias, docentes, culturais e espazos protexidos	60	60	50
BB	Sensibilidade acústica moderada	Vivendas, hoteis e zonas de especial protección	65	65	55
CC	Baixa sensibilidade acústica	Sector hostaleiro, centros comerciais, etc.	70	70	60
D	Zonas de servidume	Sector industrial e infraestruturas	75	75	65

4.- Análise de resultados

As conclusións globais relativas ao termo municipal, comparando a situación actual (datos 2012) coa recollida no plan de acción do ano 2009 (datos 2007), que citamos sucintamente, son as seguintes:

- Superficie exposta: Apréciase unha redución aproximadamente dun 4% da superficie exposta a niveis de ruídos superiores a 55 dBA. As parroquias máis afectadas polo ruído son as que abranguen a zona urbana central da cidade.

O 61% da superficie do municipio presenta un Lden superior a 55 dBA, cifra lixeiramente inferior ao 65% obtido en 2007. Do mesmo modo, a porcentaxe de terreo exposta a niveis Lden superiores a 65 dBA baixa do 24% en 2007 ao 18% en 2012, mentres que só un 3% da superficie total presenta niveis por enriba de 75 dBA ao longo de todo o día

- Poboación exposta: Incremento da poboación exposta a ruído de tráfico debido maiormente ao incremento do censo de poboación declarado en zonas con altos niveis de ruído: Plan Parcial de Navia e Centro de Vigo. Neste sentido, o 63% da poboación de Vigo está exposta a niveis de ruído Lden superiores a 65 dBA. O 5% soportan diariamente niveis de ruído superiores aos 75 dBA.

- Foco de ruído dominante: tanto por solo exposto coma por poboación, o tráfico por estrada é o foco dominante do ruído no concello de Vigo que supón máis do 93% do total, ao igual que acontece no resto de grandes cidades de España.

- Obsérvase unha diminución na intensidade de tráfico en xeral, tanto nos accesos á cidade coma no centro. Como resultado, existe unha lixeira redución nos niveis de emisión debido ó tráfico, que se aprecia claramente na porcentaxe de solo exposto, aínda que estes non se viron reflectidos en canto ao nivel de poboación exposta, polas razóns antes citadas -aumento da poboación na zona central da cidade e Navia-.

- Existe un incremento importante de zonas humanizadas, peonís, con limitación de velocidade a 30 km/h e a conseqüente redución dos niveis de ruído (redución de solo exposto).

- As situacións a mellorar céntranse, fundamentalmente, en:

- No ruído do tráfico das vías de titularidade estatal VG-20 e VI-30, no entorno do Plan parcial de Navia, que afecta aos edificios cuxas fachadas están expostos aos ruídos destas vías, superiores aos obxectivos de calidade acústica.

- No ruído do tráfico da AP-9V de entrada na cidade polo norte, de titularidade estatal, que afecta aos edificios máis próximos cuxas fachadas están expostas aos ruídos destas vías, superiores aos obxectivos de calidade acústica.

- Novo hospital de Vigo en Babio, Beade, límite coa parroquia de Valadares, prevese coa posta en marcha deste novo hospital, un incremento de tráfico na estrada Clara Campo Amor e na VG-20, no entorno do novo Hospital, polo é preciso actuar con antelación neste ámbito -vías de acceso- para garantir os obxectivos de calidade acústica.

- Avda. Arquitecto Palacios, primeiro cinto de Vigo, debido ao incremento do tráfico, en especial, coa apertura do centro comercial Gran Vía e edificios anexos, elevou a intensidade de tráfico na zona e, en consecuencia, os niveis de ruído.

- Redución do ruído do tráfico nas zonas máis expostas, tanto en superficie como en poboación, e que se concentran na zona centro de Vigo e Coia.

- Detállanse as medidas aplicadas para reducir o ruído nestes anos: declaración de zonas ZAS e protexidas, humanizacións de importes rúas centrais da cidade con incrementos de zonas peonís, ordenación do tráfico con redución velocidade limitada a 30 km/h, repavimentado de rúas con mellor absorción do ruído, colocación de badéns, barreiras acústicas, ..., modificación da ordenanza municipal sobre a protección contra a contaminación acústica.

- Sinálanse unha serie de medidas a curto e a longo prazo, con actuacións administrativas, formativas, de obras de humanizacións de rúas en execución e das previstas cara o futuro con redución do ruído do tráfico, de repavimentado de rúas que xunto con outras medidas complementarias nas vías estatais citadas acadarían unha importante diminución de poboación e superficie exposta.

IV.- PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN

A disposición adicional primeira Lei 37/2003 do 17 de novembro establece a obriga de aprobar os plans de acción en materia de contaminación acústica, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 18/07/2008.

Tamén, o artigo 24 da dita lei establece a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación tralo trámite de información pública polo período mínimo dun mes.

Xunta de Goberno Local en data do 23 de novembro de 2009, acordou tomar coñecemento do Plan de Acción do Ruído no concello de Vigo e sometelo a información pública, data na que debe entenderse aprobado ao non presentarse alegacións no trámite de información pública.

Agora, unha vez transcorrido cinco anos, ao abeiro da normativa invocada procede someter a aprobación o documento do plan de acción revisado, tralo correspondente trámite de información pública.

A documentación revisada contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental), en particular, o contido establecido no anexo V do citado Rd 1513/2005, de 16 de decembro.

Visto o que antecede e a normativa aplicable; en especial, o disposto no Artigo 24 da L.37/2003, do 17 de novembro, do ruído e o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte.

ACORDO

- PRIMEIRO:** *Aprobar inicialmente o Plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, que revisa e modifica o aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de novembro de 2009, redactado pola Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L. con data de decembro de 2013, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 10365/306).*
- SEGUNDO:** *Someter o dito documento do plan de acción revisado ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado a partir da publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións ou suxestións.*
- TERCEIRO:** *A documentación do Plan de acción contra o ruído estará dispoñible tanto nas oficinas de información ó público da Casa do Concello (Praza do Rei, 1) como na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org>.*
- CUARTO:** *No caso de que non si tivera presentado ningunha alegación, observación ou suxerencia no trámite de información público, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón de aprobación inicial.*
- QUINTO:** *Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(866).- PRODUTIVIDADE POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE-2014. EXPTE. 25481/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 20.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2014, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por Angel Alonso González remata por Avelino Troncoso Martínez, e que ascenden a un total de 3.688,31 € (tres mil seiscientos oitenta e oito euros con trinta e un céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

8(867).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN MES DE XUÑO-2014. EXPTE. 25474/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 20.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xuño-2014 e que ascenden a un total 564,49 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

9(868).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO-2014. EXPTE. 25483/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 22.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	xuño	De Costas Fernández, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo	550,74	130,56	681,30
Policia Local	xuño	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan G.	34.898,30	25.483,68	60.381,98
Parque Móbil	xuño	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	132,66	511,36	644,02
Extinción Incendios	xuño	De Alonso Barcia, Rubén a Villar Domínguez, Manuel	3.762,72	783,36	4.546,08
Cemiterios	xuño	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.156,73	0,00	2.156,73
Parque Central	xuño	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	844,20	734,40	1.578,60
TOTAIS			42.345,35	27.643,36	69.988,71

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 69,988,71 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

10(869).- PRODUTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DOS SERVIZOS DE MUSEO, MEDIO AMBIENTE, MONTES E SERVIZOS ENERXÉTICOS CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE-2014. EXPTE 25471/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 20.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Museo, Medio Ambiente, Montes, Parques e Xardíns e servizos Enerxéticos, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 851,20 € correspondentes ó 2º trimestre de 2014, partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

11(870).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE FEBREIRO E XUÑO DE 2014. ESPTE. 25487/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.08.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación,

do 1.08.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas realacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Xuño-2014	325'00	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Xuño-2014	936'00	De Alonso Barcia, Rubén a Villar Domínguez, Manuel
Policia Local (Xulgados)	Xuño-2014	330'10	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan Guillermo
Policia Local (Horas en exceso)	Xuño-2014	536'15	De Barciela Fernández, Dorinda a Vivero Mijares, Juan Guillermo
Inspección Vías e Obras	Febreiro-2014	89'00	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio
Ospio	Febreiro-2014	80'00	Ferro Mancho, Angel a Vázquez Rial, Ramón
Parque Central	Febreiro-2014	95'00	De Alonso Alonso, Miguel Ángel a Rodríguez Leiros, Alfonso
Parque Móbil	Febreiro-2014	40'00	De Amoedo Moreira, José Luis a Gil González, Antonio
Parque Móbil (Parque Central)	Febreiro-2014	42'00	De Comesaña Davila, José A. a Troncoso Martínez, Avelino
Parque Móbil (Vías e Obras)	Febreiro-2014	40'00	De Alonso Iglesias, Manuel a Prieto Domínguez, Florentino
Parque Móbil (Limpeza)	Xaneiro e Febreiro-2014	40'00	De Quintas Pérez, Manuel
Vías e Obras	Febreiro-2014	165'00	De Amoedo Cabaleiro, José Luis a Rodríguez Rocha, Rodrigo
Desinfección	Febreiro-2014	80'00	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón
Parque Central (Xerencia)	Febreiro-2014	15'00	De Rodríguez Boente, Eduardo
Montes, Parques e Xardíns	Febreiro-2014	71'00	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A.

Xornada Eleccións Parlamento Europeo Maio 2014

Servizo	Total	Apelidos e nome
Educación	680	De Ballesteros Vazquez; Oscar a Vazquez Rodriguez Javier
Electromecánicos	36	De Bea Puentes ; Fco Javier a martinez Iglesias Francisco
Extinción de incendios	19	Moledo Alonso, Manuel E

Servizo	Total	Apelidos e nome
Montes, Parq e Xardins	38	De Lodeiro Covelo Jose A a Perez Dasilva, Eduardo
Parque Móbil	483	De Carballo Magariños; Jesus a Troncoso Martinez, Avelino
Patrimonio	27	Cameselle Suarez; Isaac F
Policia Local	3283	De Alberto Gonzalez Martinez a Troncoso Padin , Juan Jose
Vias e Obras	2341	De Agra Abalde Jose Angel a Vazquez de Francisco Jose Luis
Xerencia P. Central	310	De Alonso Alonso Jose Angel a Rodriguez Leston, Bernardo

O montante do presente expediente ascende a un total de 90.428'84 €.”.

12(871).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE PERSOAL BRIGADAS PAVIMENTACIÓN, MAIO-XUÑO 2014. EXPTE. 25464/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 14.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar aos funcionarios da relación que se achega no expediente e que comeza por D Miguel Angel Alonso Cue e remata por D Rodrigo Rodriguez Rocha, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes aos meses de Maio e Xuño-2014 e que ascenden a un total 675,18€, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 3329.50 €, en concepto de produtividade con cargo ao RC nº 27327 da partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” a favor dos empregados municipais que se relacionan.

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

13(872).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE PERSOAL SERVIZO ELECTROMECÁNICOS LIMPEZA FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS. EXPTE. 25477/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 16.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecanicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais* , D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuacion se

relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instruccións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 2º trimestre do ano 2014.

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	351.05
79136	Francisco J Bea Puentes	280.84

Segundo.- Aprobado e comprometer o gasto por importe de 631,89€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo período correspondente ao 2º trimestre do ano 2014.

14(873).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE D. CAMILO FONTÁN BALBUENA 1º SEMESTRE 2014. EXPTE. 25463/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 20.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Unico.- O aboamento, polo importe correspondente as diferencias retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial conductor da Alcaldía, polo período comprendido entre o un de xaneiro e o trinta de xuño de 2014, a cantidade total de 886,77€ a D. Camilo Fontan Balbuena con DNI 36.084.745-E e nº de persoal 22326, con cargo a partida orzamentaria 922.0.150.00.00 (productividade). Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

15(874).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN FEBREIRO-XUÑO 2014. EXPTE. 25486/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.08.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.07.14, conformado polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 6.781,72 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no

cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Estévez Villar e que remata en D. Constantino Domínguez Casales-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
74577-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Xuño 2014	296,59 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Xuño 2014	299,25 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Xuño 2014	290,13 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Xuño 2014	300,39 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Xuño 2014	298,11 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Xuño 2014	299,82 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Xuño 2014	288,42 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Xuño 2014	295,45 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Xuño 2014	289,18 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Xuño 2014	295,45 €
11010-77	D. Local e Emprego	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Xuño 2014	96,12 €
6705, 6706, 6707-320	Participación Cidadá	Zaragoza Bastos, Juan A.	35.997.115-E	17704	Abril-Xuño 2014	232,75 €
321-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Xuño 2014	331,43 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Xuño 2014	149,34 €
89705-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Xuño 2014	199,88 €
89706-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Xuño 2014	198,36 €
89707-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Xuño 2014	198,93 €
29790/297 95-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Xuño 2014	203,87 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Xuño 2014	204,06 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Xuño 2014	254,60 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Xuño 2014	255,55 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Xuño 2014	243,96 €
10265-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Xuño 2014	137,94 €
10264-255		Márquez Losada, Manuel E.	52.500.559-T	23509	Xuño 2014	12,92 €
7618-446	Parques e Xardíns	Argibay barciela, Gonzalo	36.035.612-V	11765	Maio 2014	220,40 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Xuño 2014	90,44 €
		Codesido Rodríguez, J. Felipe	36.081.823-K	19399	Xuño 2014	132,24 €
13831-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Febreiro-Abril 2014	666,14 €
TOTAL						6.781,72 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.952,79 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	328,87 €
9220	Conserxería	480,77 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	597,17 €
9310	Servizos Económicos	1.162,04 €
1640	Cemiterios	150,86 €
1710	Parques e Xardíns	220,40 €
3210	Educación	222,68 €
3134	Sanidade	666,14 €
	TOTAL	6.781,72 €

16(875).- LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN 113/2013 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 NOS AUTOS 938-939-940/2010 SEGUIDOS A INSTANCIA DE D^a SUSANA GONZÁLEZ TORRES; ANA M^a MOURIZ MARTÍNEZ E D. JUAN F. MARTÍN MARTÍNEZ. EXPTE. 25489/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Negociado de Persoal-Seg. Social, do 21.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 5 de xuño de 2014, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 2 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 113/2013, sendo demandante D^a Susana González Torres, D^a Ana M^a Mouriz Martínez e D. Juan Francisco Martín Martínez en relación co procedemento 938/2008 en materia de cantidades.

En dita resolución cuantifícanse os intereses que ascenden a 3.050,60 €, non obstante existindo un sobranse de 1.628,64 € na conta de depósitos e consignación de dito Xulgado deberá ingresarse a cantidade de 1.421,96 €.

Dita execución 113/2013 correspondense ao procedemento 938, 939 e 940/2008 acumulados, relativo a demanda de reclamación de cantidades entre o 01/09/ a 31/12/2007 presentada por D^a Susana González Torres, D^a Ana M^a Mouriz Martínez e D. Juan Francisco Martín Martínez contra o Concello de Vigo, a cal foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de novembro de 2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residencia con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración

Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

*II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".*

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 1.421,96 € con cargo a partida 92201410000 "indemnizacións por sentenzas xudiais".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, na execución 113/2013, procedéndose ao abono da cantidade de 1.421.96 € en concepto de o de intereses non aboados unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia na conta nº ES55 0049 3569 9200 0500 1274 co concepto 3627 0000 64 011313.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(876).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 176/2014 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO, NOS AUTOS PROC. 1153/2010 EN MATERIA DE CANTIDADES (ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ). EXPTE. 25488/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.08.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Negociado de Persoal-Seg. Social, do 22.07.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 24 de setembro de 2011, o Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, dictou sentenza (nº 461/11) no procedemento 1153/2010, interposto por D^a M^a Isabel Pérez Rodríguez en materia de cantidades, na que se fallaba literalmente:

“Que estimando íntegramente la demanda interpuesta por D^a M^a Isabel Pérez Rodríguez frente al Concello de Vigo, debo condenar y condeno a este último a que abone a la actora, en su condición de personal de carácter indefinido, la cantidad de 5.412,17 €, por el período comprendido entre el 1º de noviembre de 2008 al 2 de noviembre de 2009, -exclusión hecha del tiempo en que la actora permaneció en situación de baja por maternidad-, y, a la de 8.595,70 €, por el período comprendido entre el 1º de noviembre de 2009 al 30 de octubre de 2010.”

2.- Dita sentenza foi recurrida pola representación legal do Concello en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla con data 26/06/2014 (recurso de suplicación 6011/2011):

“Que desestimando el recurso de suplicación interpuesto en nombre y representación del Concello de Vigo contra la sentencia de fecha 24 de septiembre de dos mil once, dictada por el Juzgado de lo Social nº 3 de Vigo, en autos 1153/2010, seguidos a instancia de D^{ÑA}. MARIA ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ contra la empresa recurrente, debemos confirmar y confirmamos en su integridad la sentencia de instancia, condenando a la recurrente al abono de las costas procesales que se hubieran devengado.”

3.- Polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo dítase auto e decreto polo que se insta a execución 176/2014 de dita sentenza, no procedemento nº 1153/2010, requeriéndose o Concello para que consinxe a cantidade de 14.007,87 € en concepto de principal máis 1.400 € provisionais de intereses e costas.

4.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo das cantidades a percibir pola interesada, correspondentes a diferenza salariais do período 01/11/2008 a 30/10/2010.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750),

identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 26 de febreiro de 2014, recaída no recurso de suplicación nº 6011/2011.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 15.407,87 € (14007,87 € de principal, 1.400 € de intereses) con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e da parte correspondente a seguridade social por importe de 5.854,53 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

		32,10% Empresa	6,40% Trab.	Prestación
2008	1.293,75	415,29	82,80	
2009	5.551,04	1.781,88	355,27	242,52
Maternidad	2.350,30	754,45		
		30,90% Empresa	6,35% Trabador	
2010	3.127,91	1.004,06	200,19	
	4.035,27	1.246,90	256,24	

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar razón das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación 6011/2011 que declara a firmeza da do Xulgado do Social Nº 3, no procedemento 1153/2010, e proceder ao cumprimento da execución 176/2014, nos autos seguidos a instancia de D^a M^a Isabel Pérez Rodríguez (DNI 36088703-R) de recoñecemento de diferencias salariais do período comprendido entre 01/11/2008 a 30/10/2010, por importe de 14.007,87 € de principal, 1.400,00 € de intereses.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (894,49€) e IRPF (2.101,18 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 0176114: 12.412,20 € (11.012,20 € - 1.400,00 €).

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 01/11/08 a 30/10/2010

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Prom. Económica, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(877).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DO 31/07/14, REFERIDA Á “SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO SERVIZO ACTIVO DE D. RICARDO RODRÍGUEZ FRIEIRO”. EXPTE. 25387/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 18.07.14, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 13/06/2014 (documento nº 140074440) o funcionario municipal D. Ricardo Rodríguez Frieiro, con nº de persoal 16.739, con praza de técnico de sistemas e posto de traballo de destino de xefe/a do servizo de Administración Electrónica, solicita a continuidade no servizo activo unha vez cumpridos os 65 anos, indicando que espera que nos vindeiros meses poda obter a alta médica, ao permanecer na situación de incapacidade temporal (IT).

2.- Solicitado informe ao Negociado de Seguridade Social, en data 04/07/2014 a xefa do negociado emite informe no cal se indica o seguinte:

“En contestación a súa petición de informe, en relación co expediente administrativo nº 25387-220 “Solicitud de prórroga no servizo activo solicitada por D. Ricardo Rodríguez Frieiro”, procédese a respostar aos datos solicitados segundo os datos obrantes no Servizo:

- Situación actual do empregado público municipal D. Ricardo Rodríguez Frieiro, con nº de persoal 16.739, e duración das situacións de incapacidade temporal (IT) do mesmo nos últimos 5 anos.

TIPO IT	DATA BAIXA	DATA ALTA
Enfermidade común	26/05/10	15/10/10
Enfermidade común	28/01/11	04/02/11
Enfermidade común	06/06/12	11/06/12
Enfermidade común	08/02/13	Continúa de baixa médica

- Indicación das resolucións do INSS e TGSS referidas ao efectivo municipal indicado.

Dito empregado municipal figura, actualmente, en situación de prórroga de I.T. por un prazo máximo de cento oitenta días (ata 06/08/2014) segundo resolución de data 14/02/2014, copia da cal se achega, téndoselle realizada a última revisión médica polo Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI) en data 03/07/2014 sen terse recibido, ata este momento, notificación da resolución resultante de dita revisión médica.

- Data de ingreso no Concello de Vigo e tempo de cotización do mesmo.

O Sr. Rodríguez Frieiro ingresou neste concello en data de 01/12/1984, o que supón un total de 29 anos e 7 meses de cotización, ocupando praza de Técnico de sistemas e posto de Xefe Servizo Administración Electrónica.

O que se lle traslada aos efectos oportunos.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Tras a entrada en vigor o 13 de maio do 2007 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a nova configuración legal efectuada no marco normativo básico establecido polo lexislador estatal provoca a necesidade de determinar criterios coherentes de aplicación da mesma en relación con aspectos tan fundamentais como é o da prolongación da permanencia no servizo activo dos funcionarios públicos.

O artigo 67.3 da norma indicada establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. Non obstante, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do presente Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta (70) anos de idade.

A Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada a aceptación ou a denegación da prolongación.”

II.- Tal precepto foi interpretado -para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos- mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma de la Función Pública.

O Ministerio de Administracións Públicas (MAP), e coordinación coas a Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobaron os "CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL", consignando con total claridade que as Administracións Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prolongación no servizo activo.

En igual senso, e dentro das consultas que as diferentes Administracións Públicas territoriais, organismos autónomos e entidades de Dereito Público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes delas, o MAP desenvolve a obriga de motivación da resolución das solicitudes de permanencia no servizo activo consignadas no artigo 67 do EBEP en resposta de data 26/10/2007 (N/REF:agl, consúltase ao efecto a documentación dispoñible na web www.map.es).

Pode en consecuencia falarse dun dereito dos funcionarios públicos a solicitar formalmente a permanencia no servizo activo, así como dun dereito a obter da Administración Pública correspondente unha resposta motivada en relación ao outorgamento ou denegación da mesma; pero en ningún caso existe un dereito automático a obter a prórroga efectiva, como viña sendo práctica habitual en numerosas Administracións Públicas –incluída o Concello de Vigo-.

III.- No presente suposto, a potestade discrecional da Administración Pública de outorgamento ou denegación motivada da prórroga da situación de servizo activo debe considerar, dende a estricteza óptica do interese xeral na prestación dos servizos públicos, a concorrencia dunha prolongada situación de incapacidade temporal (IT) do efectivo solicitante da prórroga; tal e como se sinalou no antecedente segundo, consta que o mesmo estivo na situación indicada durante os períodos seguintes:

TIPO IT	DATA BAIXA	DATA ALTA
Enfermidade común	26/05/10	15/10/10
Enfermidade común	28/01/11	04/02/11
Enfermidade común	06/06/12	11/06/12
Enfermidade común	08/02/13	Continúa de baixa médica

O mesmo figura actualmente en situación de prórroga da citada incapacidade temporal (IT) por un prazo máximo de cento oitenta días (ata o 06/08/2014) segundo resolución da Seguridade Social de data 14/02/2014, téndoselle realizada a última revisión médica polo Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI) en data 03/07/2014 sen terse recibido, ata este momento, notificación da resolución resultante de dita revisión médica.

Consecuentemente, non parece que a situación concorrente permita a incorporación ao servizo activo dun efectivo para a prestación do servizo en condicións de normalidade e regularidade no desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto de traballo, debendo primar o interese xeral da Administración na dispoñibilidade de efectivos en debidas condicións de capacidade laboral, fronte ao interese particular dos propios efectivos –cuxa lexitimidade non se cuestiona e a nivel

humano se comprende- dado o carácter potestativo de calquera eventual prórroga da permanencia no servizo activo.

Adicionalmente, sinálase que, segundo o informe de vida laboral aportado polo solicitando, consta que o mesmo tiña un total de 38 anos, 11 meses e 6 días, cotizados en data 22/01/2014, motivo polo cal cumpre cos requisitos legalmente establecidos na lexislación sectorial da Seguridade Social para o acceso á pensión máxima de xubilación, motivo polo cal a denegación da prórroga solicitada non lle causarí a prexuízo económico algún ao solicitante.

IV.- En consecuencia, vistos os antecedentes e documentación obrante no expediente, e considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 08/02/2013 ostenta o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Desestimar a petición formulada en escrito de data 13/06/2014 (documento nº 140074440) polo funcionario municipal D. Ricardo Rodríguez Frieiro, con nº de persoal 16.739, con praza de técnico de sistemas e posto de traballo de destino de xefe/a do servizo de Administración Electrónica, pola motivación exposta no informe-proposta que antecede, e de conformidade cos antecedentes e fundamentos xurídicos que anteceden á presente resolución.

SEGUNDO.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. Ricardo Rodríguez Frieiro, con nº de persoal 16.739, na praza de técnico de sistemas da cal é titular, con data de efectos 25/08/2014, nos termos e pola motivación exposta no informe-proposta que antecede.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Planificación e Organización.”

Contra o presente acordo poderanse interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

Con data 31.07.14 o concelleiro delegado de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(878).- NOVA REDACCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE. 2508/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario xeral do Pleno, do 4.08.14, conformado polo concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

Legislación aplicable:

LBRL.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRRL.- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

ROFCL.- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Antecedentes:

Tras consenso previo acadado co Consorcio da Zona Franca de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 1.07.2014 aprobouse Proxecto de Convenio de cooperación interadministrativa entre o Excmo. Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para actuacións de desenvolvemento na ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares (PTL).

O parágrafo terceiro da Cláusula Terceira do citado Convenio textualmente indicaba:

“Adxúntase como Anexo III escrito da mercantil FENOSA, na súa condición de compañia subministradora de enerxía eléctrica, no que se fai constar que o proxecto de novas lineas de alimentación eléctrica (principais e auxiliar) con un trazado que transcorre desde a Subestación Eléctrica de Valadares ata o límite norte do PTL (Rotonda de A Venda) garante, sen necesidade de maior inversión en obra civil, capacidade suficiente para subministrar 5 MW de potencia á ampliación prevista do PTL”.

Despois da aprobación acadada en sede municipal o Consorcio da Zona Franca de Vigo dirixiuse ao Concello de Vigo facendo constar que a redacción do parágrafo terceiro da Cláusula Terceira non menciona o escenario que pode xurdir no suposto de que a potencia de 5 MW de enerxía eléctrica que requirirá no seu momento a ampliación do PTL (é dicir, trala redacción do Proxecto de Urbanización) tivera sido utilizada polo Concello de Vigo ou outros terceiros.

Co obxectivo de salvagardar ou garantir o financiamento que o Consorcio da Zona Franca compromete para tal fins no Convenio (621.613,08.- €), as partes intervenientes consensuaron unha nova redacción do parágrafo en cuestión co seguinte texto:

“O proxecto de novas lineas de alimentación eléctrica (principais e auxiliar) con un trazado que transcorre desde a Subestación Eléctrica de Valadares ata o límite norte do PTL (Rotonda de A Venda) garante, sen necesidade de maior inversión en obra civil, capacidade suficiente para subministrar 5 MW de potencia á ampliación prevista do PTL dende a citada subestación.

No suposto de que, chegado o momento da petición de subministro con motivo da redacción do Proxecto de Urbanización da ampliación do PTL, os 5 MW tiveran sido utilizados polo Concello de Vigo para subministro de enerxía os núcleos rurais da zona ou calesquera outros fins, e non fora posible subministrar os 5 MW o PTL dende a citada subestación, o Concello asumirá a totalidade dos custes da nova línea de alimentación ata a ampliación do Parque e procederá o reintegro da aportación sinalada nesta Cláusula (621.613,08.- €).

No suposto de que a potencia citada houbera sido utilizada por outros terceiros o Concello tamén reintegrará o Consorcio a aportación citada sen prexuízo de reclamar tal importe os beneficiarios/usuarios da mesma.

Non habrá lugar o reintegro no caso de que o Proxecto de Urbanización para a ampliación do PTL non obteña a súa aprobación transcorridos cinco anos contados a partires do día seguinte á sinatura deste documento, sempre e cando tal retraso sexa imputable o Consorcio da Zona Franca de Vigo”.

Na súa reunión de data 30.07.2014 o Comité Executivo do Consorcio da Zona Franca de Vigo aprobou o Convenio de cooperación nos mesmos termos no que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 1.07.2014, con excepción do xa sinalado respecto da Cláusula Terceira, parágrafo terceiro.

Procede que, con anterioridade á sinatura do documento formalizador do Convenio, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adopte acordo que modifique a Cláusula mencionada.

Na Providencia de inicio de expediente o concelleiro Delegado de Fomento designou ao secretario xeral do Pleno funcionario responsable na tramitación, impulso e instrución do expediente (Convenio).

O artigo 54.1 do TRRL e en idéntico sentido o artigo 173.4 do ROFCL, advirte que corresponde ao secretario xeral do Concello, é en consecuencia, o secretario xeral do Pleno, por mor do sinalado na Disposición transitoria quinta a) da Lei 57/2003, de 16 de decembro, emitir informe cando así o ordene o Presidente da Corporación. Esta Secretaría Xeral ven entendendo que se cumpre este requisito cando o informe o solicite un concelleiro/a que actúe por delegación, cumprimentado o anterior emítese o seguinte,

INFORME

Os Convenios interadministrativos, segundo a doutrina, son «acordos de vontades entre dous o mais entes públicos, que se instrumentan como negocio xurídico bilateral de carácter organizativo, que non admiten cláusulas exorbitantes a favor dunha das partes e que teñen por obxecto satisfacer necesidades comúns derivadas da colaboración ou cooperación interadministrativa e inclusive a disposición do exercicio de competencias dos entes que conveñen».

A nova redacción do parágrafo terceiro da Cláusula Terceira do Convenio de cooperación interadministrativa entre o Excmo. Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para actuacións de desenvolvemento na ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico (PTL) de Valadares non altera as prestacións pactadas polas partes no documento inicial e concreta de xeito razoable e equilibrado as consecuencias -principalmente económicas- que poden derivarse no moi improbable suposto de que os 5 MW que require o Consorcio na futura ampliación do PTL, tiveran sido utilizados polo ben polo Concello de Vigo, ben por outros terceiros.

A nova redacción resolve e evita as interpretacións interesadas que, ante os supostos previstos, puideran, no seu momento, propoñer as partes asinantes.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Modificar a redacción do parágrafo terceiro da Cláusula Terceira do Proxecto de Convenio de Cooperación entre o Excmo. Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 1.07.2014 (se adxunta a nova redacción como ANEXO a este acordo).

SEGUNDO: Facultar ao Excmo. Alcalde de Vigo para a sinatura do Convenio.

ANEXO

“O proxecto de novas liñas de alimentación eléctrica (principais e auxiliar) con un trazado que transcorre desde a Subestación Eléctrica de Valadares ata o límite norte do PTL (Rotonda de A Venda) garante, sen necesidade de maior inversión en obra civil, capacidade suficiente para subministrar 5 MW de potencia á ampliación prevista do PTL dende a citada subestación.

No suposto de que, chegado o momento da petición de subministro con motivo da redacción do Proxecto de Urbanización da ampliación do PTL, os 5 MW tiveran sido utilizados polo Concello de Vigo para subministro de enerxía os núcleos rurais da zona ou calesquera outros fins, e non fora posible subministrar os 5 MW o PTL dende a citada subestación, o Concello asumirá a totalidade dos custes da nova liña de alimentación ata a ampliación do Parque e procederá o reintegro da aportación sinalada nesta Cláusula (621.613,08.- €).

No suposto de que a potencia citada houbera sido utilizada por outros terceiros o Concello tamén reintegrará o Consorcio a aportación citada sen prexuízo de reclamar tal importe os beneficiarios/usuarios da mesma.

Non haberá lugar o reintegro no caso de que o Proxecto de Urbanización para a ampliación do PTL non obteña a súa aprobación transcorridos cinco anos contados a partires do día seguinte á sinatura deste documento, sempre e cando tal retraso sexa imputable o Consorcio da Zona Franca de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(879).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

A) C. DE PROPIETARIOS CONDESA CASA BÁRCENA, 1. EXPTE. 89106/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 26.06.14, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 22.07.14, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de maio de 2014 por Comunidade de Propietarios Condesa Casa Barcena, 1, con NIF H-36649739 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Condesa Casa Barcena, 1, por non producirse danos.

B) CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L. EXPTE. 89912/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 23.07.14, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 28.07.14, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 07 de xullo de 2014 por Construcciones Sito y Fernández, S.L., con NIF B-36769883 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos

que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Real, 25, por non producirse danos.

21(880).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA 2ª AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN RÚA BRASIL”. EXPTE. 2526/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento do 30.07.14, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

En data 30 de decembro de 2011, a Xunta de Goberno Local, acorda a adxudicación das obras HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL. EXPTE: 1063/440, á mercantil MOVEX VIAL, S.L. (ahora CIVIS GLOBAL, S.L.), por un prezo total de 1.890.000,10 euros, formalizándose o contrato maior de obras en data 20 de xaneiro de 2012.

O prazo de execución das obras estabreceuse no Prego de Cláusulas Administrativas en DEZAOITO (18) MESES.

En data 6 de febreiro de 2012, fírmase o Acta de Comprobación de Replanteo suspendendo temporalmente o comezo das obras, en tanto non sexa aprobado o Plan de Seguridade e Saúde polo órgano de Contratación. Unha vez superada a causa que impediou o inicio da execución da obra, fírmase un anexo a Acta de Comprobación de Replanteo en data 15 de febreiro de 2012, comezando a contar o prazo de execución das obras, debendo finalizar éstas o 15 de agosto de 2013.

En data 7 de decembro de 2012, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar unha modificación das anualidades das mencionadas obras, como a continuación se indica:

ANO	2011	2012	2013	2014
Antiguas anualidades	82.352,94 €	737.647,16 €	1.070.000,00 €	0,00 €
Novas anualidades	82.352,94 €	737.647,16 €	570.000,00 €	500.000,00 €

Como consecuencia da aprobación do cambio de anualidades a empresa contratista, presenta un novo plan de obra, que establece un novo prazo de finalización das obras o 30 de xuño de 2014, que é aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 22 de febreiro de 2013.

A obras correspondentes á anualidade do 2014 reinicianse coa aprobación do orzamento municipal correspondente, que é publicado no BOP de data 20 de xuño de 2014.

Con data 16 de xullo de 2014, os Directores da Obra, D. Álvaro Crespo Casal e D. Julio Carrasco Rodríguez informan favorablemente a solicitude de concesión da prórroga dacordo co R.D. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e tendo en conta os motivos expostos anteriormente.

Polo que á vista do anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar a prórroga para a obra "Humanización da Rúa Brasil", da empresa CIVISGLOBAL, S.L. (antes MOVEXVIAL, S.L.) co que o novo prazo de finalización das obras pasaría a ser o vindeiro 30 de novembro de 2014, non significando incremento algún sobre o orzamento da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(881).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DO VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO. EXPTE. 71366/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.07.14, o informe de fiscalización do 15.07.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 1.08.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, o concelleiro de Xestión municipal e a concelleira da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do subministro do vestiario para o persoal dependente do Concello de Vigo correspondente o ano 2014.

Segundo: Aprobar o prego de prescripción técnicas particulares para o subministro de vestiario para o persoal do concello de Vigo correspondente o ano 2014 redactado polo xefe de Area de Fomento e asinado con data 19 de xuño de 2014.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro de vestiario para o persoal do concello de Vigo correspondente o ano 2014 redactado pola Xefa do servizo de contratación con data 18 de xullo de 2014.

Cuarto: Autorizar o gasto por un importe máximo de 357,920,00 €, sendo o importe correspondente ó IVE o de 62,118,35 €, con cargo a partida a 922.0.221.04.00 "Vestiario servizos municipais".

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

23(882).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., E AMPLIACIÓN DE LICENCIA PARA A EXECUCIÓN DE ESTABILIZACIÓN EN OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA ESTACIÓN AVE. EXPTE. 69808/250.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de xestión da Área de Fomento, do 5.08.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- O 7 de abril de 2014, o Concelleiro-delegado da Área de Fomento resolveu conceder licenza a Unión Fenosa Distribución, S.A., para a execución dunha canalización soterrada para instalación dunha liña de media tensión soterrada e unha rede de baixa tensión para enlace da subestación do Troncal coa nova estación de ferrocarril para o AVE, así como autorización para a ocupación do subsolo. Na dita canalización, un tramo da súa traza discorre por Vía Norte.

II.- Como consecuencia do corte dunha lousa de formigón armado durante as labores de apertura de gabia na intersección das rúas Vía Norte e Urzáiz, con data 10 de xullo de 2014 o Concelleiro-delegado da Área de Fomento resolveu, entre outros:

“2º.- UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. deberá presentar proxecto técnico para a execución dunha estrutura de estabilización da estrutura muro-beirarrúa volada existente, suscrito por técnico competente.

3º.- Execución por parte da mercantil UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. das obras contempladas no proxecto citado no punto anterior previa aprobación municipal do citado proxecto.

4º.- A zona da beirarrúa volada e as zonas do recinto de ADIF e Praza da Estación que puideran verse afectadas por desprendementos da dita beirarrúa e do talude entre Vía Norte e as zonas anteriormente descritas, deberán permanecer balizadas e sen tránsito de vehículos e peóns ata o remate das obras do proxecto de estabilización da estrutura muro-beirarrúa de Vía Norte que presente UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.”

III.- O 5 de agosto de 2014, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras emite informe do que se desprende o seguinte:

– Durante a execución das obras, na intersección de Vía Norte coa rúa Urzáiz, detectáse a existencia de cortes na lousa armada da beirarrúa volada existente. Como consecuencia, as obras nesa zona están paralizadas.

– Unión Fenosa Distribución, S.A. presentou no Rexistro Xeral do Concello documentación para a execución da estabilización do muro beirarrúa en voladizo.

– A solución estrutural proposta consiste na disposición de vigas de formigón armado ancladas nun dos seus extremos ao muro de contención da rúa Vía Norte que forma parte estruturalmente da ménsula que conforma a beirarrúa. Polo outro extremo, as vigas anclaranse ao contrapeso de formigón existente e que formaba parte da primitiva estrutura de sostén.

– Ditas obras son necesarias para asegurar a estabilidade do muro beirarrúa en voladizo.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- A solución presentada conleva a execución de obras que están suxeitas a Ordenanza Municipal Reguladora das Obras e as Consequentes Ocupacións necesarias para a Implantación de Servizos na Vía Pública aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 26 de novembro de 2001 e publicada no BOP de 25/01/2002 (no sucesivo, O.X.V.P.).

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 25 da O.X.V.P., a súa execución require o outorgamento de licenza e a correspondente autorización da ocupación de dominio.

Por todo o exposto, e tendo en conta o informe técnico de data 05/08/2014 anteriormente citado, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar técnicaamente a solución presentada por Unión Fenosa Distribución, S.A. para a súa execución inmediata; segundo documento redactado pola Consultora GOC e subscrito polos técnicos D. Manuel Filgueira Crespo, inspector do departamento de edificación e D. J. Ignacio Abia Alonso, director técnico do departamento de edificación da mentada consultora, de data 30 xullo de 2014, para a execución da estabilización do conxunto muro-beirarrúa en voladizo situado na rúa Vía Norte.

Segundo.- Ampliar a licenza outorgada polo Concelleiro delegado da Área de Fomento o 7 de abril de 2014 ás obras contempladas na solución técnica presentada, así como a autorización de ocupación de dominio público no ámbito afectado pola execución destas obras complementarias.

Os custos que orixinen tales traballos correrán a cargo de Unión Fenosa Distribución, S.A.

Terceiro.- Notificar a Unión Fenosa Distribución, S.A. a presente resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(883).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS “OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NA AVDA. DO TRANVÍA, PK3+140 A PK3+890. EXPTE. 2552/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Área de Fomento, do 5.08.14, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das “obras de reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. do Tranvía PK3+140 a PK3+890” redactado por NAROM S.L. e presentado, para a execución das obras, pola empresa adxudicataria.

O devandito plan foi informado favorablemente polo coordinador D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU) o 4 de agosto de 2014.

SEGUNDO.- Aceptar o Plan de Xestión de Residuos redactado por NAROM S.L. e presentado pola empresa adxudicataria para a execución das “obras de reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. do Tranvía PK3+140 a PK3+890”.

O devandito plan foi aprobado pola Dirección facultativa da obra o 4 de agosto de 2014.

TERCEIRO.- Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria NAROM S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo prevé a Lei

31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas interviñentes ou concorrentes na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar, por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

25(884).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA, S.A., POLOS SERVIZO DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCADOIRO SITO NA PRAZA DE PORTUGAL. XUÑO 2014. EXPTE. 375/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 24.07.14, conformado polo xefe da Área de Fomento e o concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo seguinte importe (ive engadido):

JUNIO 2014 : importe 28.232,13 € (funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 22.787,13 €).

26(885).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.